

Recomendación dirixida ao Concello da Pobra do Caramiñal debido ao ruído provocado por dous establecementos

Expedientes: C.6.Q/63706 ao 63708/16

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciáronse expedientes de queixa como consecuencia dos escritos de [REDACTED], [REDACTED] e [REDACTED].

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que teñen un problema grave de privación de descanso por causa do ruído provocado por dous establecementos ... o "Pub A Bohemia" e o "Pub Carpediem".

Desde que se presentou no concello o primeiro escrito asinado polos veciños (o axuntan) no que reclamaban actuacións, limitáronse a contestar ao primeiro escrito sinalando a normativa para aplicar; nin sequera permitiron o acceso ao expediente do local "Pub A Bohemia" que querían abrir e que abriron a pesar das advertencias que fixeron máis de cen veciños de que xa había outro local en funcionamento "Pub Carpediem" que estaba a transmitir ruídos ás vivendas ocasionando moitas molestias debidas ao consumo de alcol e a presenza de persoas ás portas do local a altas horas da madrugada, do mesmo xeito que denunciaban prácticas insalubres, todo iso altamente molesto, que se prolongan ata as 8 ou 9 da mañá. Todo iso nunha rúa de menos de 4 metros de ancho.

Do mesmo xeito que ao concello remitiron copia á Consellería de Medio Ambiente, respondendo que para este tipo de actividades non é necesaria a avaliación de incidencia ambiental. Resulta inexplicable a exclusión da avaliación porque nos deixa indefensos dunha das garantías máis importantes que temos os veciños que é a de ser oídos antes de permitir a apertura dun novo local. Pensaban que como persoas directamente afectadas a súa opinión sería tida en conta.

Sen conceder audiencia do expediente e descoñecendo o tipo de actividade que se ía a desenvolver no establecemento o 11 de agosto de 2016 abriron ao público o "Pub A Bohemia". Polos anuncios de apertura saben que se trata dun café-bar que conta con

amplificadores, pois a música traspasa ata as vivendas, a pesar das denuncias nas que fan constar que para este tipo de licenzas non está permitido.

Desde o primeiro escrito e nos sucesivos solicitamos ao concello vista do expediente. A pesar de todos os escritos non teñen constancia de que o concello verificase que as instalacións do novo local reúnen as condicións normativas para que se lle outorgue a licenza, nin tampouco do informe do técnico nin da resolución da licenza do alcalde, co que é moi difícil de entender como ese establecemento, cun antecedente problemático, poda seguir funcionando sen efectuar ningunha verificación polos técnicos do concello competentes.

O Pub A Bohemia abriu nos anos oitenta e estivo en funcionamento durante uns vinte anos, e durante todo ese tempo foi obxecto de numerosas denuncias polas molestias que ocasionaba, dando lugar a que persoas que estaban enfermas, sen a menor consideración por parte do responsable do bar, vísense na obriga de abandonar as súas vivendas para poder facer fronte á enfermidade, como pasou cos veciños do primeiro. Posteriormente o local estivo sen actividade durante máis de oito anos e durante ese tempo houbo ata catro intentos de volver abri-lo, denegándoo o goberno local anterior. Por iso é moi difícil de entender as razóns polas que case dous meses despois da súa apertura non teñan constancia de que os técnicos do concello verificasen que o local cumpre os requisitos esixidos pola legalidade vixente, sinalan.

Desde o primeiro día que abriu o pub vense na obriga de chamar á policía municipal non só polo ruído de música senón tamén pola presenza masiva dos clientes de ambos os establecementos consumindo e gritando ás portas dos locais. Ante isto a policía local di non poder facer nada; ás veces non van e outras van e observan. Chegaron a presenciar con impotencia e perplexidade como desafiaron á policía e esta nin sequera identificou ao individuo nin levantaron acta.

Así mesmo denunciámos o funcionamento fóra de horario de ambos os locais. De todas as chamadas só tramitaron unha. En todas as demais actuacións a policía límitase a avisar aos responsables de que están a protestar, sen efectuar ningunha sonometría e sen tramitar as denuncias a pesar da advertencia de que queren que consten como tales.

É práctica común que os responsables dos locais baixen a música antes de chegar a policía para inspeccionar o local, para logo volvela a subir unha vez que se vai o coche patrulla da policía, co que é moi difícil lograr as probas do que están a expoñer.

Os rótulos de ambos os locais publicítanse como pub, a pesar de que ao Pub Carpediem concedéuselle licenza para hamburguesería e o outro solicitou a licenza de café-bar, sen que saiban si lla concederon ou non.

A situación persoal está a complicarse, pois as circunstancias que están a expoñer non só afectan á intimidade, senón que empeza a afectar na saúde: [REDACTED] ... é unha muller enferma que necesita descanso, situación que xa comunicou ao concello. Padece ... (anexan certificado médico). [REDACTED] [REDACTED] ..., vese obrigada a durmir algunhas noites dos fins de semana fóra da súa casa cando o cansazo véncelle despois de estar todos os días da semana levantándose ás 6 da mañá para ir traballar, e cando xa non pode máis se vai da súa casa para tentar durmir máis de tres horas seguidas. [REDACTED] e [REDACTED] [REDACTED], ... do mesmo xeito que as anteriores, están fartos de pasar os fins de semana en vela, descoidando as súas obrigacións diarias, polo cansazo provocado por esta anormalidade.

Reclaman que se verifique se o local Pub A Bohemia está acorde coa legalidade vixente e se realicen as sonometrías oportunas poñendo a disposición os domicilios; que se revise o horario permitido os locais, xa que abren ás sete da tarde, pechan sobres as 3:30, cando chamamos á policía local para obrigarlles a que respecten o horario, e abren de novo ás 6, coa desculpa que é un café-bar para volver pechar ás 9, non axustándose ao horario á licenza de café-bar e de hamburguesería.

2. Ante iso requirimos información ao Concello da Pobra do Caramiñal, que nola remitiu. Recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución. Tamén recordámoslle que a non resposta pode constituír un delito (art. 502 CP).

O concello informa o seguinte:

“Que debido á acumulación de traballo no Concello, resulta imposible atender en tempo e forma aos diversos requirimentos formulados pola súa Institución, se ben existe vontade firme na súa contestación.

No que se retire aos expedientes do C.6.Q/36706/16 ao C.6.Q/63708/16, que tratan todos eles de queixas veciñais relacionadas con dous establecementos hostaleiros, que son dous bares, o Verocca e o Carpe Diem, é preciso indicar o seguinte: Trátase dunha zona especialmente sensible pola actual concentración de locais de ocio, pois se ben os que máis problemas causan son os mencionados, existen outros nas inmediacións. As licencias de actividade son moi antigas, aínda que o Verocca abriu recentemente xa existiron no mesmo lugar outros bares que funcionaron durante décadas neste concello, e xa daquela causaron problemas.

As persoas afectadas neste caso, si presentaron queixa no concello e foron recibidas por esta alcaldía. Presentaron queixa contra o Verocca incluso antes de que iniciase a súa actividade, pois prevían que poderían darse os problemas que agora aparentemente se dan. Nese momento o concello non puido facer nada, non se pode actuar baixo o suposto de que alguén vai a incumprir a legalidade vixente, e a licenza estaba en vigor, polo que o informe do técnico de urbanismo e do secretario municipal foron favorables. No noso concello non temos unha ordenanza que clasifique as zonas en función da súa sensibilidade acústica e polo tanto non existe ningunha restrición á hora de abrir establecementos hostaleiros de ningún tipo. Na reunión manifestouse a vontade de prestar unha especial atención a esta zona, e así se fixo por parte da Policía Local. En repetidas reunións cos axentes municipais tratouse este tema, recibindo a instrución de acudir sempre que se manifestara unha queixa veciñal. Realizáronse múltiples visitas, de feito realízanse practicamente todas as fins de semana, para controlar o volume da música, o horario de apertura e a acumulación de persoas na vía pública, procedendo en numerosas ocasións, segundo se recolle nos informes da policía, a desaloxar a rúa. Ata o día de hoxe non houbo denuncia algunha por parte de ningún axente por infrinxir algunha das ordenanzas que regulan este tipo de actividades. As instrucións por parte da alcaldía son, como non podería ser doutra maneira, que se leven a cabo todas as denuncias que sexan precisas cando o local infrinxa algunha normativa, e cando este feito se produza será cando podamos sancionar dende o concello.

Considero moi importante sinalar que as queixas comezan moi cedo, incluso horas antes do peche. En ningún caso os axentes implicados informaron de incumprimento algún cando se achegaron para atender a reclamación. As queixas sen fundamento entorpecen a labor policial e dificultan enormemente o seu traballo, e dende logo, non contribúen en nada á hora de tratar de solucionar un problema que se poda estar dando. En moitas outras ocasións, o ruído prodúcese a xente que se agrupa na entrada dos locais, o nivel de decibelios acadado pode ser moi variado evidentemente, pero como se pode comprobar nos seguintes extractos dos partes realizados polos axentes, nunca se detecta unha infracción do local, nin no horario de peche nin no volume da música. A modo de exemplo:

O día 21/10/2016 ás 2:18 horas recóllese no parte: "Aviso da garda civil de Boiro por chamada dunha veciña queixándose do ruído procedente do Bar Bohemia. Foise alí e non se escoitaba ningunha música." Máis tarde, ás 4:00 horas reflíctese o seguinte: "Aviso da garda civil de Boiro por chamada dunha veciña queixándose do ruído procedente do Bar Bohemia. Foise alí e o local estaba pechado pero oíase falar en alto na rúa a un grupo de rapaces, polo que se mandou marchar do lugar, cousa que fixeron de inmediato."

O día 28/10/2016 ás 1:05 horas informan os axentes no parte o seguinte: "Chamada da Garda Civil comunicando que tiveran unha chamada da veciña de Rafael Calleja queixándose de ruidos dos bares Carpe Diem e Bohemia. Vaise polo lugar e o ruído que había era dun

grupo de xoves que estaban fronte ao Bohemia non existindo nese momento ruído de música considerable”.

No parte do día 16/12/2016 ás 02:20 horas afirmase o seguinte: "Chamada de [REDACTED] por ruído do Bohemia. Vaise polo lugar e había un grupo de xente na porta falando pero a música non estaba alta".

A noite do 23/12/2016 ás 2:30 horas o que se recolle é: "Chamada de [REDACTED] queixándose do ruído do bar "Bohemia", pásase polo lugar e tratábase da xente que había na calle”.

Polo tanto, como xa queda dito, non se detectan infraccións por parte do local, pero si problemática derivada do tipo de actividade da que se trata. Os axentes da Policía Local sempre inciden na necesidade de non producir ruído e recomendan que se abandone o lugar cando o local está pechado.

Unha situación que agrava o problema é a práctica de pechar en hora e abrir logo ás seis da mañá, deixando unha marxe moi pequena entre unha hora e outra. Dende o servizos xurídicos do concello non atopamos ningunha lei que restrinxa esta posibilidade, de existir aplicaríase sen lugar a dúbidas. Se é necesaria unha ordenanza municipal redactaríase e aprobaríase, para poder aplicala canto antes.

Fai xa tempo que o concello está en contacto con diversas empresas especializadas no control de ruídos e na xestión de toda esta problemática, é a intención deste goberno proceder á súa contratación antes de fin de ano. Entre as funcións que ofertan está a redacción dunha normativa municipal de ruídos, que consideramos moi necesaria.

A falta de atención da que se queixa o grupo de veciños e veciñas que denuncian ven motivada polo esaxerado número de escritos que presentan no rexistro municipal: en pouco máis dun ano máis de 30 escritos, colapsando por completo a capacidade de emitir resposta por parte da administración local, que debe atender cada día a infinidade de asuntos, que tamén son de interese para a cidadanía e repercuten directamente na súa calidade de vida. Como xa queda dito, foron recibidos na alcaldía e tratouse o tema, e o concello cumpriu coa súa obriga de vixiar e velar polo cumprimento da lei.

Sobre o local Verocca sinalar que realizaron obras importantes de insonorización e que solicitaron a colaboración da veciña que presentou as queixas antes de que comezaran a funcionar, para poder realizar as medicións necesarias e comprobar que o illamento sonoro era o axeitado. Non se concedeu permiso para realizar esta medición, cando agora se esixe, unha vez que rectificar as obras resulta máis complexo. No seu lugar a medición realizouse

dende a rúa por unha empresa homologada e os resultados deron dentro dos límites legais. Cabe esperar que o resultado sexa o mesmo na vivenda, posto que entre o local e a primeira vivenda habitada existe unha planta na que na actualidade non hai actividade algunha.

En canto ao acceso ao expediente da licenza dos dous establecementos, xa se concedeu en máis dunha ocasión e pode volver a concederse sen problema algún, sempre que se solicite seguindo os trámites legais pertinentes.

Sobre a necesidade de avaliación de incidencia ambiental, nada que sinalar, a lexislación é ben clara en canto á súa falta de obrigatoriedade, tal e como respondeu a propia Consellería de Medio Ambiente.

Seguramente queden moitos aspectos sen aclarar, pois o caso que nos ocupa é complexo, e o traballo realizado polo concello e os axentes da Policía Local non parece dar os froitos esperados, polo menos ata o de agora. Pero gustaríame deixar clara unha cuestión: dende este goberno e esta alcaldía non se permanece indiferente diante deste problema, ao contrario, a preocupación é constante, e como queda recollido neste escrito, é un tema que sempre se trata nas reunións cos axentes municipais. E tamén se sinalou a intención de exercer un mellor control e establecer unha mellor regulación que permita actuar ao concello e minimizar as molestias ata facelas desaparecer, se isto é posible”.

3. Unha vez avaliado o anterior informe diriximos ao alcalde unha valoración provisional co fin de que con urxencia (o mais axiña posible, tendo en conta o retraso acumulado) se aclararan determinados extremos, en concreto as actuacións municipais para corrixir e sancionar a actividade irregular dos establecementos denunciados, no caso de confirmarse; o control do ruído nas portas ou no exterior pola presenza de persoas na rúa en horario nocturno; as medicións sonométricas dos niveis de ruído transmitido, para o caso de que despois de intervención anterior continuaran as denuncias; a resposta ás denuncias dos reclamantes e a transmisión a eles dos trámites dos expedientes nos que serían interesados; as medidas adoptadas ou previstas para facer respectar os dereitos constitucionais potencialmente prexudicados, algún deles fundamental; e as demais circunstancias relevantes.

O informe municipal recibíuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que novamente foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución, recordar que a non resposta pode constituír un delito (art. 502 CP), e mesmo requirir ao secretario xeral do concello que identificara a autoridade ou funcionario responsable do retraso.

O informe do concello sinala o seguinte:

“... Os dous locais contan con licenza de café bar e ese é o horario que a Policía Local lles obriga a cumprir, en ningún caso o de pub.

En canto á posibilidade de que podan ter algún tipo de música ambiental, a argumentación ofrecida é discutible. Se no Decreto 292/2004 prevé cales son os locais que funcionan con música, non debe considerarse en sensu contrario que todos os demais non podan dispoñer dela. Pois o mesmo razoamento cabe aplicar cando no decreto unicamente hai un tipo de establecemento no que prohibe expresamente a reprodución de música de ningún tipo, que son os recollidos no apartado 2.7.3.2 "locais de restauración con horario especial en función do persoal ao que van dedicados, que son aqueles centros de restauración en aeroportos, portos, hotéis, polígonos industriais,..." Polo tanto se estes son os únicos que a teñen prohibida, en sensu contrario todos os demais a teñen permitida. A realidade é que a inmensa maioría dos cafés bares do estado español dispoñen de música ambiental e contan cunha enorme diversidade de equipos electrónicos para reproducila. A cuestión non debe ser esa, senón que o aspecto no que debe centrarse o control do concello como administración competente, é no nivel de emisión de rúidos, perfectamente regulado na normativa.

En canto á non contestación dos escritos, reiteramos a nosa argumentación: cando se presentan 30 escritos no prazo dun ano, ás veces máis de un por semana, o que se pretende non é recibir contestación, senón saturar á administración local e imposibilitar a resposta axeitada. Catro mil vivendas habitadas existen aproximadamente na Pobra do Caramiñal, se cada unha delas presentara 30 escritos no prazo dun ano, o concello tería que dar resposta a 120.000 escritos anualmente. Isto é algo inadmisibile e irracional. Para tratar de solucionar un problema hai que deixar tempo para actuar a unha administración, sexa a que sexa.

No seu escrito insinúa unha e outra vez que existe permisividade en canto ao control do seu horario, cando non é así. Sen embargo fai caso omiso ao feito de que existan numerosas chamadas á policía denunciando incumprimentos que logo non resultan ser tales. Volve a ser unha estratexia equivocada por parte das persoas afectadas. A Policía Local ten moitos asuntos que atender un sábado pola noite e non pode dedicarse a atender chamadas en falso. O concello tamén tomará as medidas oportunas para evitar esta situación no futuro.

Nin o concello nin os axentes poden entrar libremente nunha vivenda para efectuar os controis de son. Realízanse dende a rúa.

En todo o seu escrito preténdese evidenciar un abandono de funcións por parte da entidade local e en ningún momento pon en tela de xuízo a actuación das persoas denunciantes,

cando queda claro que a súa actitude non sempre foi a correcta. Comezaron denunciando ao Verocca antes de que abriera as súas portas, non deron permiso para que puideran realizar as medicións pertinentes nas vivendas de cara a acadar unha insonorización axeitada, saturan á administración local con un número de escritos esaxerado e con contidos repetitivos e chegan a realizar chamadas en falso á Policía Local, dificultando deste xeito enormemente a súa labor.

De calquera xeito este concello pretende seguir traballando para atopar unha solución e mellorar a convivencia entre os establecementos hostaleiros de todo o concello e a veciñanza, velando polo dereito ao descanso das persoas que prevalece sobre calquera outro. Por ese motivo, e logo de non ser quen de aprobar os orzamentos no 2017, imos a proceder á contratación dunha empresa que nos permitira dispoñer dos medios necesario para realizar un control máis eficaz. A empresa está a piques de comezar a traballar, e realizará, entre outros, os seguintes servizos:

Redacción da ordenanza municipal de ruídos para a súa aprobación en pleno, adaptada tanto as normativas a nivel autonómico como estatal e europeo, adaptada ás necesidades do concello.

Realización de inspeccións sonométricas, para dar cumprimento aos niveis máximos de transmisión de ruídos.

Formación para o persoal técnico do concello.

Posta a disposición dun sistema de control remoto de actividades ruidosas, dotado dunha plataforma para o visionado en tempo real dos limitadores e rexistradores que os locais de ocio estarán obrigados a instalar.

Apoio técnico para resolver dúbidas do persoal do concello, incluídas as revisións dos certificados recibidos no axuntamento.

Control de Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS), realizarase un control exhaustivo das zonas onde se concentren os locais de ocio, e en caso de clasificarse como ZAS realizaranse os Plans de Actuación necesarios para corrixir os niveis de ruído aos que están expostos os veciños e as veciñas desa zona.

A empresa encargada de realizar este servizo é Virocem, con domicilio social en Redondela  
....



Polo tanto o concello pretende continuar traballando e asumindo as súas responsabilidades neste eido, e dar un cambio radical nas políticas que se viñan desenvolvendo neste concello para atallar os problemas de ruídos causados pola actividade hostaleira nocturna, como nunca antes se fixo”.

## ANÁLISE

1. Como xa se indicou na anterior valoración provisional, un dos principais motivos de queixa dos afectados é que os locais funcionan con licenzas que non permiten o uso que se lles da. O concello aclara agora que as licenzas que teñen os locais son de café bar. A queixa sinala que a pesar diso os locais funcionan con música a alto volume (tipo pub) e abren (ou reabren ata altas horas da madrugada).

Se os establecementos teñen licenza de sinxelo café-bar, non de pub, pero funcionan con música a alto volume, incumpren o catálogo de establecementos -Decreto 292/2004-, que prevé os locais que funcionan con música, polo que *a sensu contrario* prevé os que non poden tela.

No seu último informe o concello argumenta que poden ter algún tipo de música ambiental e a argumentación ofrecida na valoración provisional é discutible. Incide en que a inmensa maioría dos cafés ou bares dispoñen de música ambiental “e contan cunha enorme diversidade de equipos electrónicos para reproducila”, e que o concello debe centrarse no nivel de emisión de ruídos.

En contra do respondido polo concello debemos subliñar que os establecementos poden ter ambientación musical, o mesmo que poden ter aparellos con ese fin despachos profesionais, salas de espera e mesmo as propias vivendas particulares. Pero a diferenza evidente entre un sinxelo bar e un pub é, como se transmitiu -e así o recolle a normativa citada- é o uso da música e o horario. Cando se alude ao funcionamento con música é para referirse a ela como elemento principal da actividade, ao seu volume, non ambiental ou baixo, e ao horario amplo. Estas circunstancias son facilmente comprobables por polos axentes ou técnicos (altofalantes, comprobacións sen previo aviso ...), da mesma forma que pode comprobarse se un tablaio flamenco ou café-cantante non son tales, senón unha denominación fraudulenta para beneficio dos promotores (ampliación de horario ...) e sempre en prexuízo dos veciños inmediatos. Cabe recordar as numerosas actuacións que foron precisas para evitar ese tipo de frecuentes fraudes en moitos concellos.

O ente local non so non fixo ás medicións sonométricas as que agora se compromete (do que nos congratulamos), senón que tampouco aclarou, e segue sen aclarar, o que afirman contundentemente as numerosas e comprensibles denuncias e reclamacións: que os locais

son en realidade pubs, que eles mesmos mencionan nos seus rótulos (o concello o nega), e que se deduce tanto do volume habitual como do horario. Aínda que este sexa interrompido, é claro que un café-bar non abre (non pode abrir) ás 6.00 con “ambientación musical”.

A comprobación destas circunstancias non require facer medicións, senón sinxelamente a inspección necesaria para saber de que tipo de locais estamos falando. E se trátase de pubs deberan realizarse as correspondentes actas de infracción, os expedientes sancionadores e adoptar as medidas cautelares para impedi-lo.

O control preventivo e continuado protexe o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas. Coa tramitación do control non termina o labor do ente local; ábrese unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita do control das actividades.

Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de concederlles as licencias de funcionamento. A falta de outra explicación, estes locais funcionan sen axustarse ao permitido.

O anterior criterio trasladouse noutras ocasións a outros concellos ante supostos similares e é acorde co legalmente previsto e coa xurisprudencia que o aplica.

2. No caso de que despois de comprobar o anterior e actuar en consecuencia se certificara que o funcionamento dos locais é de sinxelos bares, o que á vista do tratado parece moi dubidoso, entón podería ser precisa a labor, mais complexa e custosa, de realizar as comprobacións sonométricas ás que agora se compromete a través dunha empresa.

Porén, ademais do sinalado no anterior punto, despois de moito tempo o concello non fixo as medicións, e os reclamantes aportan as súas e resultan ilustrativas. Nun último escrito asinado por 12 afectados indícase que debido á inactividade municipal se viron obrigados a contratar medicións que deron como resultado exposicións altísimas (“ata 100 veces por enriba do permitido”).

O informe sinala que “nin o concello nin os axentes poden entrar libremente nunha vivenda para efectuar os controis de son. Realízanse dende a rúa”. Por suposto, os axentes non poden entrar nas vivendas sen permiso. Antes solicitouse medición en vivenda para unha comprobación de illamento no curso do expediente de autorización. Pero o que veñen

reclamando os denunciante é a comprobación dos niveis de inmisións nas súas vivendas (regulados na normativa), o que se comproba nelas e non na rúa. E se prodúcense denuncias é claro que se permitiría o acceso, aínda que tamén é comprensible que previamente se comprobe o indicado no punto 1, mais rápido e efectivo. Se o concello axustara previamente o funcionamento dos locais ao que permiten a licenzas posiblemente as medicións non serían precisas, posto que desaparecería a principal fonte de ruído.

3. En relación coas medicións agora comprometidas é de subliñar (como tamén fixemos noutras recomendacións) que resultan necesarias para comprobar e sancionar as infraccións por ruídos, que causan evidente menoscabo no dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio e á intimidade persoal e familiar (art. 18. 1 e 2 CE) e noutros dereitos constitucionais, e para disuadir aos responsables de seguir facéndoo.

Deben facerse no preciso intre en que os afectados avisan aos axentes responsables da acta, que acudirían de forma discreta -se non o fan dese xeito non poderán comprobar a suposta infracción- e cantas veces sexa preciso ata facer valer o efecto disuasorio das consecuencias legais previstas para infraccións que adoitan repetirse noite tras noite, convertendo a situación que padecen os cidadáns afectados, no caso de confirmarse, nunha conculcación habitual dos seus dereitos. Non é adecuado o control programado, que pode verse afectado por numerosos medios de fraude. Os sonógrafos e limitadores poden defraudarse facilmente (por medio doutra fonte oculta ...) e resultan insuficientes na práctica por outras moitas causas, polo que sempre é precisa a comprobación da propia administración competente cando se dean as denuncias.

4. O horario dos bares prevese na Orde de 2005 e é limitado. Porén, os locais obxecto da queixa abren de madrugada (aínda que se alega que con peche e reapertura). Se a iso se engade que funcionan con música a alto volume trátase dunha forma fraudulenta e por tanto un incumprimento da normativa tamén en materia de horarios. Perseguir o incumprimento dos horarios é agora competencia dos concellos.

5. O concello tampouco aclara as actuacións para evitar os ruídos na rúa ou as portas dos locais, da súa competencia. A lei do ruído establece a necesidade de que as ordenanzas establezan as condicións para cumprir os límites de ruído na rúa. O anterior decreto de ordenanza-tipo debiera terse trasladado ao concello e nel se sinalaba que debería respectarse a conduta cívica ordinaria tamén nos comportamentos colectivos, polo que tal medida debe atoparse vixente na Pobra do Caramiñal. Ademais o decreto galego 106/2015 prevé que os concellos contén cunha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada á normativa básica estatal no prazo dun ano dende a entrada en vigor do decreto (transcorrido).

Aínda que o concello non aprobara iso na súa ordenanza os límites de ruído nocturno tamén afectan ás persoas na rúa (como dixemos, conduta cívica ordinaria para evitar a transmisión de niveis rúidos ilegais). Os reclamantes poñen o acento en que o ruído na rúa é importante e a actuación da policía non é disuasoria, a pesar de que o ruído xerado na vía pública é a principal responsabilidade do concello.

7. O concello alega que as denuncias son excesivas e non pode tratalas adecuadamente; porén, sen prexuízo de comprender a sobrecarga de traballo xeral dos servizos municipais, polo que se refire a este concreto asunto as numerosas denuncias e a falta de resposta adecuada -no senso indicado- debería obrigar ao concello a unha maior dilixencia.

O concello tampouco aclara que respondeu a algunha das reiteradas denuncias, o que resulta obrigado. E os denunciante neste tipo de supostos non son so iso, senón tamén interesados implícitos nos procedementos (prexudicados, como poñen de relevo).

8. Á marxe dos aspectos postos de relevo o ente local expresa a vontade de actuar para solucionar o problema e achega unha serie de medidas ás que se compromete. Porén, con carácter previo debora realizar as tarefas indicadas e pendentes dende hai moito tempo, que non dependen das medidas comprometidas (redacción da ordenanza de rúidos, formación para o persoal técnico, sistemas de control remoto de actividades ruidosas ...).

9. As persoas que promoveron as queixas están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos, entre eles os concellos, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. No suposto que coñecemos, da información dispoñible dedúcese que o Concello da Pobra do Caramiñal non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados.

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello da Pobra do Caramiñal a seguinte recomendación:

*Que con urxencia comprobe de forma exhaustiva e certifique se o funcionamento dos locais se axusta ao previsto para sinxelos cafés, bares ou similares, que non poden usar música amplificada no establecemento e ter horario amplo; que en caso de comprobarse o*

*funcionamento inadecuado por falta de axuste ao previsto nas licenzas iso se impida e corrixa (sancione); que en caso de certificarse que o funcionamento é acorde ao tipo das licenzas con urxencia se realicen comprobacións santométricas nas vivendas sobre os niveis de inmisións (transmisión de ruído ás vivendas) e se adopten as medidas que correspondan; que con urxencia se comprobe o horario aparentemente fraudulento (peche e reapertura), que non se corresponde con legalmente previsto, e que no seu caso se corrixa; que se eviten os ruídos provocados pola concentración de persoas na vía pública ás portas dos locais a altas horas da madrugada; e que o concello adopte todas as medidas precisas para garantir os dereitos dos reclamantes, especialmente o seu dereito fundamental á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo